

## CONVENIO DE COLABORACIÓN ENTRE O SERVIZO GALEGO DE SAÚDE E A ASOCIACIÓN DE PERSOAS ALCÓLICAS "ADIANTE" PARA O PROGRAMA DE APOIO Á ABSTINENCIA EN PERSOAS ALCÓLICAS E OUTRAS ADICCIÓNS"

### MEMORIA XUSTIFICATIVA

A xerente do Servizo Galego de Saúde, DECLARA:

- Que o presidente do Servizo Galego de Saúde formalizou o día 2 de decembro de 2022 coa Asociación ADIANTE o instrumento convencional arriba referido. O prazo de vixencia deste convenio será dende o día da súa sinatura até o 31 de decembro de 2022.

- Que o instrumento convencional ten por obxecto:

"A realización, por parte da Asociación de persoas alcólicas "Adiante", do programa de apoio á abstinencia en persoas alcólicas e con outras adicciós. Dito programa desenvolverase en coordinación cos dispositivos asistenciais do Servizo Galego de Saúde. No desenvolvemento deste programa, a asociación atenderá toda a demanda que se xere neste período respectando os principios de universalidade, anonimato, voluntariedade e gratuidade.

No desenvolvemento da súa actividade colaborará cos servizos de saúde na atención integral e coordinada destes pacientes.

Os usuarios contarán cun programa de tratamento actualizado e individualizado que atenda as súas circunstancias de saúde e sociais, introducindo aqueles aspectos necesarios para dar respostas aos colectivos de maior vulnerabilidade e atendendo a perspectiva de xénero no desempeño das súas actividades.

O programa terá como obxectivo xeral dar visibilidade a este colectivo na sociedade loitando contra a estigma que provocan as adicciós e tamén coa prevención das mesmas por medio de xornadas anuais, información e difusión sobre a enfermidade e un programa transversal nos centros educativos e con nais e pais. Desenvolven a súa actividade na comarca de As Pontes."

- Que existe converxencia de intereses entre as entidades asinantes en orde á consecución do obxectivo referido.

- Que o instrumento convencional asinado se fundamenta na circunstancia de que a pandemia por COVID 19 ten incrementado os problemas de saúde mental na poboación, sendo colectivos especialmente vulnerables a infancia, as persoas con trastornos mentais graves crónicos, os profesionais sociosanitarios de atención directa e as persoas que se teñen enfrontado a perda de seres queridos por mor da pandemia.

O observatorio español de la droga y toxicomanías, dependente do Ministerio de sanidade, informa dunha tendencia alcista en números absolutos en canto á intoxicación etílica aguda en todos os rangos de idade, especialmente en mulleres de entre 15 a 34 anos, cun incremento nas admisións hospitalarias por abuso ou dependencia a alcohol.

- Que os intereses converxentes das partes asinantes exclúen o ánimo de lucro, e non poden satisfacerse axeitadamente mediante a celebración dun contrato dos contemplados na "Ley 9/2017, de 8 de novembro, de Contratos do Sector Público, por la que se traspone al ordenamiento jurídico español las Directivas do Parlamento Europeo y del Consejo 2014/23/UE y 2014/24/UE, de 26 de febrero de 2014", ou doutro instrumento alleo á natureza estritamente convencional.

En atención ao exposto, e a fin de dar cumprimento ao preceptuado no artigo 15.2 da Lei 1/2016, do 18 de xaneiro, de transparencia e bo goberno, estimouse xustificada a sinatura dos instrumentos convencionais, con exclusión doutras figuras.

E para que conste, asíñase esta memoria, en Santiago de Compostela

